

## 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA

### 8.2. PERSOAL

#### *Regulamento de axudas sociais do persoal da Administración do Parlamento de Galicia*

##### Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, na reunión que tivo lugar o día 21 de maio, aprobou o Regulamento de axudas sociais do persoal da Administración do Parlamento de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 65 do Regulamento da Cámara dispónse a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para o seu coñecemento e aplicación.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2002

José María García Leira

Presidente

#### **Regulamento de axudas sociais do persoal da Administración do Parlamento de Galicia**

##### Artigo 1. Obxecto.

1. Este regulamento ten por obxecto regula-lo procedemento de outorgamento das axudas económicas do fondo de acción social da Administración do Parlamento de Galicia nas seguintes modalidades:

- a) Axuda por fillos menores de catro anos.
- b) Axuda para estudos de fillos.
- c) Axuda para estudos do persoal da Administración do Parlamento.
- d) Axudas en materia de saúde.
- e) Axuda de carácter extraordinario.

2. Para a concesión das axudas teranse en conta os criterios de suficiencia de crédito orzamentario e de distribución equitativa ante o número de peticións que se formulen ou cando unha mesma persoa interesada solicite diferentes modalidades de axudas.

##### Artigo 2. Persoas beneficiarias

1. Terá dereito ás prestacións reguladas por este regulamento o seguinte persoal ó servizo da Administración do Parlamento:

- a) O persoal funcionario de carreira.
- b) O persoal funcionario eventual que leve, como mínimo, seis meses de servizos.
- c) O persoal funcionario interino que leve, como mínimo, 6 meses en servizo activo.
- d) O persoal laboral fixo.

2. Sen embargo, queda excluído o persoal funcionario que se atope nas situacións administrativas de excedencia voluntaria, suspensión de funcións, servizos especiais e excedencia forzosa, agás cando esta tivese a súa causa no cesamento obrigado no servizo activo por mor dunha redución de postos de traballo nos termos establecidos legalmente.

3. Serán tamén beneficiarios os fillos do dito persoal nos termos establecidos neste regulamento.

4. Cando varias persoas beneficiarias pertencentes á mesma unidade familiar presten os seus servizos na Administración do Parlamento, poderán acceder todas elas ás axudas, agás as que se establecen para fillos.

##### Artigo 3. Incompatibilidades

1. Non se poderá solicitar máis dunha axuda polo mesmo feito e persoa beneficiaria no mesmo exercicio económico.

2. A percepción de calquera das axudas previstas neste regulamento é incompatible coa obtención de calquera outra que, polo mesmo concepto, poida percibi-la persoa beneficiaria de calquera administración pública.

Artigo 4. Requisitos para solicita-la axuda por fillos menores de catro anos e contía da prestación.

1. Terá dereito a esta axuda o persoal indicado no artigo 2 deste regulamento que teña fillos menores de catro anos ó seu cargo. Cando se cumpran os catro anos dentro do ano natural da súa solicitude, poderá

obterse deica o mes de cumprimento da dita idade, incluído.

2. Nos casos de nacemento, adopción ou tutela legal, causarase dereito a esta axuda desde o mes seguinte a aquel no que se produza algún dos feitos indicados, deica a finalización do ano natural correspondente.

3. A axuda por fillos menores de catro anos é incompatible coa que corresponda para estudos de fillos. Polo tanto, cando algún dos causantes da primeira modalidade se incorpore ó ensino obrigatorio deberá optarse pola percepción dunha das axudas dese exercicio.

4. A axuda consistirá en 33,06 euros mensuais por fillo durante doce meses.

5. As solicitudes e a documentación esixida no apartado 6 deste artigo deberán presentarse no mes de xaneiro. Non obstante, cando o nacemento, a adopción ou a tutela legal se produza fóra dese prazo, deberán presentarse dentro do ano natural correspondente.

6. As solicitudes deberán formalizarse no modelo oficial, ó que se lle achegarán:

a) Fotocopia do libro de familia onde figure a inscrición da persoa menor que cause o dereito ou, se é o caso, o documento que certifique a adopción ou tutela legal.

b) Declaración xurada da persoa solicitante de que non percibe ningunha axuda por este concepto doutra administración pública.

Artigo 5. Requisitos para solicita-la axuda para estudos de fillos e contía da prestación.

1. Esta axuda de carácter compensatorio está destinada a sufragar en parte os gastos derivados de cursar estudos de ensinanzas oficiais que dean lugar á obtención de títulos académicos expedidos pola administración pública. Considéranse incluídos os estudos de idiomas sempre que estes se cursen en escolas oficiais.

2. Terán dereito a esta axuda os fillos a cargo do persoal da Administración do Parlamento que formen

parte da súa unidade familiar e dependan economicamente del.

3. A axuda consistirá en 180,30 euros ó ano por fillo ou filla.

4. As solicitudes e a documentación esixida no apartado 5 deste artigo deberán presentarse no mes de xuño, para o ensino obrigatorio, e no mes de novembro, para o resto dos estudos. En todo caso, deberán corresponder a cursos que comecen no ano natural no que se pide a axuda.

5. As solicitudes deberán formalizarse no modelo oficial, ó que se lle achegarán:

a) No caso do ensino obrigatorio:

1) Fotocopia do libro de familia onde figure a inscrición do fillo ou da filla que causa o dereito ou, se é o caso, o documento que certifique a adopción ou tutela legal.

2) Declaración xurada da persoa solicitante de que o fillo ou a filla ó seu cargo está matriculado cursando o dito ensino obrigatorio. Deberá especifica-los estudos cursados, o centro no que está matriculado e o nome e apelidos do fillo ou da filla que realiza os estudos para os que se solicita axuda.

3) Declaración xurada da persoa solicitante de que non percibe ningunha axuda por este concepto doutra administración pública.

b) No caso doutros estudos oficiais non obrigatorios:

1) Fotocopia do libro de familia onde figure a inscrición do fillo ou da filla que causa o dereito ou, se é o caso, o documento que certifique a adopción ou tutela legal.

2) Fotocopia da matrícula.

3) Declaración xurada da persoa solicitante de que non percibe ningunha axuda por este concepto doutra administración pública.

Artigo 6. Requisitos para solicita-la axuda para estudos do persoal da Administración do Parlamento e contía da prestación.

1. Esta axuda de carácter compensatorio está destinada a sufragar en parte os gastos derivados de cursar estudos de ensinanzas oficiais que dean lugar á obtención de títulos académicos expedidos pola administración pública. Considéranse incluídos os estudos de idiomas que o dito persoal curse en escolas oficiais.

2. A axuda consistirá nun 50 % do gasto de matrícula, cun importe máximo de 180,30 euros ó ano. Non será obxecto de axuda a mesma matrícula ou as materias xa subvencionadas con anterioridade.

3. As solicitudes e a documentación esixida no apartado 4 deste artigo presentaranse no mes de novembro e deberán corresponder a cursos ou estudos que comecen o ano natural no que se solicita a axuda.

4. As solicitudes deberán formalizarse no modelo oficial, ó que se lle achegarán:

1) Fotocopia da matrícula.

2) Declaración xurada da persoa solicitante de que non percibe ningunha axuda por este concepto doutra administración pública.

Artigo 7. Requisitos para solicita-las axudas en materia de saúde e contía da prestación.

1. Estas axudas están destinadas a sufragar parte dos gastos odontolóxicos, oculares, auditivos ou ortopédicos do persoal e dos fillos que formen parte da súa unidade familiar e dependan economicamente del, sempre que non estean cubertos pola Seguridade Social ou por outro sistema de previsión.

2. A axuda, para cada tipo de gasto, consistirá nunha porcentaxe do realizado, que determinará a Comisión de Axudas Sociais en función das dispoñibilidades orzamentarias, e non poderá exceder dos seguintes importes por unidade familiar:

1) Gastos odontolóxicos: 240,40 euros.

2) Gastos oculares: 180,30 euros.

3) Gastos auditivos: 180,30 euros.

4) Gastos ortopédicos: 180,30 euros.

3. As solicitudes e a documentación esixida no apartado 4 deste artigo deberán presentarse no mes de novembro.

Os gastos que se produzan no mes de decembro aboaranse con cargo ás axudas do exercicio inmediato seguinte.

4. As solicitudes deberán formalizarse no modelo oficial, ó que se lle achegarán:

1) Factura xustificativa do gasto realizado onde figuren claramente os datos da persoa titular ou beneficiaria da prestación.

2) Declaración xurada da persoa solicitante de que non percibe ningunha axuda por este concepto doutra administración.

Artigo 8. Requisitos para solicita-la axuda de carácter extraordinario.

1. Esta axuda ten por finalidade atender situacións especiais de extrema necesidade, grave quebranto económico e urxencia que poida padecer-lo persoal da Administración do Parlamento.

2. Para poder optar a esta modalidade de axuda será requisito indispensable que non sexa obxecto de cobertura por ningunha administración pública ou por calquera sistema de previsión de riscos.

3. O importe será determinado pola Comisión de Axudas Sociais en función das circunstancias observadas. Esta axuda terá preferencia sobre o resto das previstas neste regulamento.

Artigo 9. Procedemento de solicitude e concesión das axudas.

1. Poderá solicita-las axudas establecidas neste regulamento o persoal indicado no seu artigo 2.

2. As solicitudes formalizaranse no modelo oficial e achegaranse a elas a documentación esixida para cada modalidade de axuda.

3. As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse nun sobre pechado no Rexistro do Parlamento de Galicia e dirixiranse á Comisión de

Axudas Sociais. No sobre deberá figura-lo nome e os apelidos da persoa solicitante.

4. A Comisión de Axudas Sociais emitirá informe-proposta verbo de cada petición e remitiralle o expediente á Intervención do Parlamento para a súa fiscalización.

5. Logo de recibi-la Presidencia do Parlamento o expediente, esta dictará resolución pola que concederá ou denegará a solicitude. A resolución desestimatoria seralle notificada á persoa solicitante nos termos previstos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e poderá ser obxecto de recurso na forma e nos prazos establecidos nesta lei.

6. Entenderanse estimadas por silencio administrativo as solicitudes que non se resolven expresamente no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte á súa formulación.

Artigo 10. Desestimación da solicitude ou revogación de axuda.

1. Calquera falsidade ou ocultación de datos que se comprobe nas declaracións ou na documentación da persoa solicitante ou das persoas beneficiarias será motivo abondo para desestimar a súa petición ou para proceder á revogación da prestación concedida. Neste caso, as cantidades percibidas de forma indebida deberánlle ser reintegradas á Administración parlamentaria, sen prexuízo das actuacións legais ás que houberse lugar por este feito.

2. Serán, tamén, desestimadas as instancias que se presenten fóra dos prazos establecidos para cada modalidade de axuda.

Disposición adicional primeira.- Comisión de Axudas Sociais.

1. A Comisión de Axudas Sociais ten por obxecto verificar que as peticións cumpren os requisitos establecidos neste regulamento para cada modalidade de prestación.

2. A comisión estará integrada por tres membros: un designado pola Mesa do Parlamento e dous pola

Xunta de Persoal ou, no defecto desta, pola asemblea de funcionarios.

Para as axudas de carácter extraordinario a comisión ampliarase a cinco membros: un membro máis elixido pola Xunta de Persoal e outro elixido ó chou entre o persoal do Parlamento.

3. A comisión poderá solicitar tanta información considere necesaria para o desenvolvemento do seu labor.

4. A comisión quedará validamente constituída coa asistencia da maioría dos seus membros e os acordos tomaranse por maioría, agás para as axudas de carácter extraordinaria, que deberán adoptarse por unanimidade.

Disposición adicional segunda.- Actualización da contía total do fondo de axudas sociais e modificación dos importes de cada axuda.

1. A contía do crédito orzamentario destinado a dota-lo fondo de axudas sociais incrementarase anualmente mediante a aplicación do índice de incremento establecido para gastos de persoal na Lei de orzamentos do exercicio económico correspondente.

2. Os importes máximos das axudas e a porcentaxe establecida no artigo 6 deste regulamento poderán ser modificados por resolución da Presidencia cunha periodicidade anual, por proposta motivada da Xunta de Persoal. Estas modificacións publicaranse no taboleiro de anuncios do Parlamento.

Disposición adicional terceira.-- Documentación complementaria.

Non será necesario presentar fotocopia do libro de familia ou do documento que certifique a adopción ou a tutela legal cando se achegasen con anterioridade e non se modificase o número de descendentes ou de persoas baixo a tutela da persoa solicitante.

Disposición transitoria primeira.- Axudas por fillos menores de catro anos correspondentes ó exercicio de 2002.

As axudas por fillos menores de catro anos correspondentes ó exercicio 2002 poderán solicitarse na forma e contía previstas no artigo 4 deste regulamento

no mes de xuño do dito ano e devengaranse desde xa-neiro dese ano.

Disposición transitoria segunda.- Constitución da Comisión de Axudas Sociais.

A Comisión de Axudas Sociais deberá constituírse no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste regulamento.

Disposición derogatoria. Derrogación das normas de concesión de axudas do 10 de xullo de 2001.

Quedan derogadas as normas reguladoras da concesión de axudas económicas do fondo de acción social do persoal da Administración do Parlamento de Galicia aprobadas pola Mesa da Cámara o 10 de xullo de 2001 (BOPG núm. 795, do 13 de xullo de 2001).

Disposición derradeira.- Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

#### Anexo 1

Modelo oficial de solicitude de axudas sociais

Datos da persoa solicitante:

Nome e apelidos .....

Posto de traballo que desempeña .....

Servicio ó que está adscrito .....

Situación administrativa .....

Datos da persoa beneficiaria:

Nome a apelidos .....

Idade .....

Parentesco .....

Prestación que solicita e cantidade solicitada:

a) Axuda por fillos menores de catro anos.

b) Axuda para estudos de fillos.

c) Axuda para estudos do persoal da Administración do Parlamento.

d) Axudas en materia de saúde:

- Gastos odontolóxicos.

- Gastos oculares.

- Gastos auditivos.

- Gastos ortopédicos.

e) Axuda de carácter extraordinario.

Documentación que se achega:

Observacións:

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 200.....

(Sinatura)

#### Anexo 2

##### Modelo de declaración xurada

Declaro baixo a miña responsabilidade que non percibo prestacións económicas de ningunha administración pública correspondentes ás seguintes modalidades:

- Axuda por fillos menores de catro anos.
- Axuda para estudos de fillos.
- Axuda para estudos do persoal da Administración do Parlamento.
- Axudas en materia de saúde.
- Axuda de carácter extraordinario.

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 200.....

(Nome, apelidos e sinatura)